



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ENTULLOS, VALOS, PUNTAIS, CABALETES, ESTADAS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

ART 1 : Fundamento .

En virtude da autorización concedida polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de acordo co previsto no artigo 20-3, g) da Lei 28/1988 de 28 do decembro, reguladora das facendas locais, faise necesario o establecemento dunha taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, entullos, valos, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas, así como por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do subsolo e voo da vía pública, que se regulará pola presente ordenanza.

ART. 2 : Feito Impoñible.

Constitúe o feito imoñible desta taxa, o goce, utilización ou aproveitamento especial do dominio público local en beneficio particular pola ocupación de terreos de uso público local con:

- Entullos, terras, areas, materiais de construción, leña ou calquera outros materiais análogos.
- Valos, estadas e outras instalacións axeitadas para a protección da vía pública das obras lindantes.
- Puntais, cabaletes , e en xeral toda clase de apeos de edificios.

Cando con ocasión dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza se produciran desperfectos no pavimento, vía pública, instalacións ou bens de uso público, os titulares daqueles estarán obrigados a reparar ou reconstruí-los danos causados con independencia do pagamento da taxa. Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado. A contía da indemnización será igual ó valor de reposición dos elementos danados.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

ART. 3 : Obriga do pagamento.

A obriga do pagamento nace pola ocupación do dominio público local, autorizada na correspondente licencia, ou desde que se inicie o aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

ART. 4 : Suxeitos pasivos

Terán a consideración de suxeitos pasivos, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local, nas modalidades anteriormente sinaladas.

ART. 5 : Base Impoñible .

Estará constituída polo tempo de duración dos aproveitamentos e pola superficie en metros cadrados ocupada polos materiais depositados, os metros cadrados delimitados polos valos, estadas ou outras instalacións, e o número de puntais, cabaletes e demais elementos empregados no apeo de edificios, así como polos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no municipio as empresas explotadoras de servizos.

ART. 6 : Cota .

6.1. A tarifa que se aplicará por metro cadrado ou fracción ó mes, será a seguinte:

- 1- Depósito de mercadorías con colector : 1,50 euros / m²/mes
- 2- Idem de materiais de construción ou entullo : 3,20 euros / m²/mes
- 3- Valos : 1,20 euros/m²/mes
- 4- Puntais e instalacións análogas : 0,26 euros / unidade/mes
- 5- Por colocación do guindastre na vía pública:
 - a. 1º ano : 75 euros / mes
 - b. 2º ano : 150 euros / mes.
 - c. 3º ano : 225 euros / mes
- 6- Por cada guindastre utilizado na construción, cuio brazo ou pluma ocupe no seu percorrido o voo da vía pública:
 - a. 1º ano : 50 euros/mes



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

b. 2º ano : 100 euros / mes

c. 3º ano : 150 euros / mes

6.2. Malia isto, para as empresas explotadoras de servizos de subministración que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a contía da taxa reguladora nesta ordenanza consistirá, en todo caso e sen ningunha excepción, no 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as devanditas empresas. Para estes efectos entenderase por ingresos brutos os que se establezan ó respecto no correspondente Real decreto.

A contía desta taxa que lle puidese corresponder a Telefónica está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual, a que se refire o apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/97, do 30 de xullo (disposición adicional oitava da Lei 39/88 do 28 de decembro).

ART 7 : Ingreso .

As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.

Faranse efectivas na conta que para tal efecto sinalará o Concello, con carácter previo á retirada da oportuna autorización, co carácter de depósito previo, sen prexuízo da liquidación definitiva que puidese corresponder.

Tratándose de aproveitamentos rateados, aboarase a taxa na conta determinada para o efecto polo Concello, con carácter previo á retirada da correspondente prórroga da autorización nas dependencias municipais.

ART. 8 : Normas de Xestión.

A) A taxa liquidarase por cada aproveitamento solicitado e conforme o tempo que o interesado solicite ó pedi-la correspondente licencia.

Se o tempo non se determinase, seguiranse producindo liquidacións pola Administración municipal polos períodos sinalados nas tarefas, ata que o contribuínte formule a pertinente declaración de baixa.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

B) As persoas naturais ou xurídicas interesadas na obtención dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, presentarán no Concello a solicitude detallada da súa natureza, duración solicitada, lugar exacto onde se pretenden realizar, sistema de delimitación, e en xeral, cantas indicacións sexan necesarias para a exacta determinación do aproveitamento desexado.

C) De non se determinar con claridade a duración dos aproveitamentos, os titulares das respectivas licencias, presentarán ó Concello a oportuna declaración de baixa ó cesar naqueles, a fin de que a Administración municipal deixe de practicalas liquidacións de cotas. En caso de incumprimento desta obriga, seguirán suxeitos ó pagamento do tributo.

ART. 9 : Infraccións e sancións.

En todo o relativo ás infraccións tributarias, a súa cualificación así como as sancións que correspondan, serán de aplicación as normas da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL :

Esta Ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo ata a súa modificación .